

2026
UTOPÍAS
FEMINISTAS
PARA
UN MUNDO
MELLOR


Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

+34 986 813 419
igualdade@uvigo.gal

Edificio Ernestina Otero
Campus universitario
36310 Vigo





estes tempos, a distopía semella cada vez máis real, condicionando como vemos e habitamos un mundo inxusto e invisible para a maioría.

Imaxinar mundos mellores é un desexo humano ancestral, ás veces individual, outras colectivo, moitas veces frustrado. Pero iso non significa que non poidamos crear fórmulas que funcionen.

Existe unha longa tradición de mundos alternativos que hoxe cómpre recuperar polo seu potencial reflexivo e subversivo. No ensaio *Los mundos que queremos*, María Galindo propón non aspirar á perfección, senón á creación cotiá: «A utopía está no acto de rebelarse, non no paraíso prometido». Para ela, o problema «non é o que imos reclamar, senón o que estamos construindo. Necesitamos saír desa linguaxe domesticada e falar de utopías». Se podemos imaxinar o fin do mundo, por que non o fin da desigualdade de xénero?

QUE NOS QUEDA POR IMAXINAR?


Podemos vivir sen horizonte? As crises, a incerteza e a polarización alimentan fendas que impactan nos corpos e nos afectos, e tratan de convencernos de que este é o único mundo posible.

Mais o límite non é o mesmo ca o final, como propón Marina Garcés: o linde da vida vivible, a vida digna, é o lugar onde nace a resistencia. Cando aceptamos o imposible como dogma, esquecemos que tamén pode ser motor. As utopías feministas facilitan encontros: alí onde, mesmo en desacordo, recoñecemos

valores compartidos. Na interdependencia descubrimos outra maneira de habitar: fráxil, comovida, común, expansiva. Por iso é urxente activar o desexo, persoal e colectivo, facelo prender coma unha chama que nos convida a imaxinar e a transformar radicalmente o mundo.

LIBRO

El tiempo de la promesa (2023),
de Marina Garcés



XANEIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	29	30	31	1 <small>Ano Novo</small>	2	3	4
2	5	6 <small>Día de Reis</small>	7	8	9	10	11
3	12	13	14	15	16	17	18
4	19	20	21	22	23	24	25
5	26 <small>San Tomé de Aquino</small>	27	28	29	30	31	1


_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

CRÍTICAS FEMINISTAS ÁS UTOPIÁS CLÁSICAS

As utopías clásicas foron escritas maioritariamente por homes, e pensadas desde a súa mirada. As críticas feministas lembran que eses relatos ideais reproducían as xerarquías de xénero e a división sexual do traballo, e ignoraban os corpos e as necesidades das mulleres. Lyman Tower Sargent demostrou que a pretendida neutralidade destas obras é en realidade o resultado dun punto de vista único; Ruth Levitas cuestiona que se pense a transformación sen cambiar as relacións de coidado; e bell hooks insiste en que sen interseccionalidade non hai un horizonte liberador. Estas críticas non rexeitan soñar, senón que denuncian a ilusión de universalidade e a ausencia de voces diversas. Ao facelo, abren a posibilidade dun imaxinario novo, onde a igualdade, a diferenza e a interdependencia sexan condicións para reinventar colectivamente o futuro.

FICCIÓN SONORA

Adaptación libre á ficción sonora da novela *Las hijas de Egalia* (1977), de Gerd Bratenberg, feita por Sangre Fucsia



XENEALOXÍA DO PENSAMENTO UTÓPICO IGUALITARIO


A finais do século XIV, en Europa, xurdiu a *querela das mulleres*, un debate literario que cuestionaba o valor e a intelixencia feminina. Inicialmente protagonizado por homes, deu un xiro coa intervención de Cristina de Pizán, primeira escritora en participar publicamente, defendendo as mulleres fronte aos prexuízos da época. Na *Cidade das mulleres* (1405), crea un espazo simbólico onde estas viven libres da misoxinia, inaugurando unha tradición utópica que combina denuncia e imaxinación política.

En 1666, Margaret Cavendish publica *New Blazing World*, unha das primeiras novelas de ciencia ficción europeas, na que reflexiona sobre o coñecemento e o papel das mulleres no pensamento científico.

Nos séculos seguintes, esta liña continúa con autoras que empregaron a ficción especulativa como Annie Denton Cridge, Lillie Devereux Blake, Catherine Helen Spence, Florence Dixie, Charlotte Perkins Gilman, Rokeya Sakhawat Hussain, Alice B. Sheldon, Joanna Russ, Angélica Gorodischer, Vandana Singh, Nalo Hopkinson ou Nnedi Okorafor. A pesar das tensións e limitacións dalgunhas das primeiras propostas, todas elas coinciden na súa vontade de romper cun sistema desigual.

UN FILME:

O soño da sultá (2023), de Isabel Herguera



UNHA HERDANZA FÉRTIL: O FEMINISMO COMO UN PROXECTO UTÓPICO

O feminismo é unha filosofía da sospeita, un fío utópico que, como lembra Verónica Gago, nace dunha necesidade vital de inventar nomes e narrativas para dicir o indicible doutro xeito. É unha intelixencia colectiva que, malia contratempos e retrocesos, aprende a camiñar abrindo procesos de transformación guiados pola xustiza, a liberdade e a interdependencia.

Utopías alternativas que buscan a redistribución do poder, a autonomía dos corpos, a valoración da natureza e dos coitados, e un mundo libre de violencias. Xa no século XIX, as experiencias vitais de mulleres vangardistas contribuíron a facer brotar movementos de transformación social: feminismo, pacifismo, antimilitarismo, sindicalismo, liberdade sexual. Construíron mundos fronte a unha sociedade que as sinalaba, creando espazos que hoxe gozamos grazas ao seu impulso e determinación. Persistindo nos seus soños utópicos, politizaron o malestar e ganaron dereitos e oportunidades para dispoñer de condicións para unha vida mellor.

LIBRO

Rebeldes periféricas del siglo XIX (2021),
de Ana Muiña



NAVEGAR FENDAS: O ALENTO DAS EXPERIENCIAS ARTÍSTICAS

A forma en que imaxinamos o mundo está moi condicionada polos produtos culturais que coñecemos. Nos últimos tempos, a distopía impúxose como lingua común, mais as artistas feministas abriron fendas para imaxinar outros camiños. Coa súa arte, poñen en crise o canon androcéntrico e reinventan non só a historia, senón a vida diaria. Judy Chicago e Miriam Schapiro fixeron da *Womanhouse* (1972) un fogar utópico onde o doméstico se volvía político. Cindy Sherman, coa súa serie *Untitled Film Stills* (1977-1980), xogou a desmontar os clichés visuais asignados ás mulleres. Chantal Akerman en *Jeanne Dielman, 23 quai du Commerce, 1080 Bruxelles* (1975) converteu a rutina dos coidados nun manifesto sobre o poder. Na ficción especulativa, Ursula K. Le Guin en *La mano izquierda de la oscuridad* (1969) ou Octavia Butler en *La parábola del sembrador* (1993) crearon mundos onde os roles de xénero e as relacións de poder se desprazaban. Estes universos non son só evasión: son laboratorios críticos, exercicios poéticos para inspirar e convocarnos arredor dunha constelación de futuros máis xustos.

LIBRO

Circe ou o pracer do azul (2009),
de Begoña Caamaño

PEÑSAR DESDE O DESEXO. SONOS E DESAFÍOS FEMINISTAS DO PRESENTE


Dende a década de 1980, instalouse a sensación dunha desaparición do futuro, un tempo esgotado onde o pasado semella o único lugar seguro. As distopías multiplican as ansiedades do mundo actual: crise climática, neoliberalismo, guerras, desigualdade, violencia de xénero e perda de dereitos. Como alerta Layla Martínez, ao reflectir a realidade acaban por fixar ese horizonte paralizante, impedindo crer nunha revolución ou mesmo artellar pequenos cambios. Mais fronte a este colapso emerxen respostas: o ecofeminismo, o decolonialismo, os feminismos migrantes... En tempos dun «xiro patriarcal» virulento, dun «horrorismo», como o cualifica Adriana Cavarero, que expande o medo e goza coa crueldade, de polarización, individualismo e crise ecosocial, o feminismo abre preguntas radicais: onde fabular outras vidas en común, onde proxectar interdependencias como forzas de transformación? Imaxinar utopías convidanos a construír contrapoderes que respondan ás necesidades presentes. Un soño colaborativo que amplía a vida e bebe dunha longa tradición que hoxe continúa desafiando o modelo neoliberal. A acción é posible.

FILME

The Punk Singer (2013), de Sini Anderson



HAI MOITOS MUNDOS, PERO ESTÁN TODOS NESTE?



As feridas, as friccións entre correntes, as discusións sobre quen é suxeito do feminismo, os cuestionamentos internos e externos..., coinciden nun tempo de misoxinia, conservadorismo e políticas antifeministas. Un escenario de cambio no que debemos acordar se esforzarnos nunha utopía común ou na procura dunha paisaxe de horizontes múltiples.

Como escribía bell hooks, «a disposición feminista a cambiar de dirección cando facía falta foi unha das maiores fontes de fortaleza e vitalidade da loita». Outros camiños ábrese na *mani-festa-acción*, que ocupa o espazo público e fai teoría cos movementos sociais. E, como propón Carolina Meloni, artellar unha práctica política estratéxica

sobre problemas compartidos como vivimos cos dereitos sexuais e reprodutivos, coa violencia sexual e de xénero. Porque, como lembraba Audrey Lorde, «sen comunidade non hai liberación, só un armisticio temporal entre o individuo e a súa opresión», e como nos convoca Zahra Ali, precisamos dunha «intifada feminista» que rexeite fronteiras que nos separan e reinvente os tempos e os espazos da reivindicación.

TEXTO

Repensando el apocalipsis: un manifiesto indígena antifuturista (2020), de Klee Benally (Diné). Tradución libre de Katia Sepúlveda e Yuderkys Espinosa

UN CATÁLOGO INCOMPLETO DE MUNDOS SOÑADOS

As prácticas feministas son lugares onde atopar voces e xestos que quebran as narrativas dominantes. Rexistros que rescatan do esquecemento a memoria de mulleres, e cada día de máis homes, que abren camiños para que ninguén quede atrás.


Nestes mundos soñados agroma o desexo de fabular vidas fóra da explotación, de reinventar os coidados, de reducir o espazo da violencia e transformar as relacións sociais. Aquí teñen acubillo experiencias como as casas autónomas de Mujeres Creando en Bolivia, a Sudakasa, a Casa das Defensoras Basoa, ou o centro de maiores autoxestionado LarLilás; espazos de denuncia e de acollida referentes dos feminismos comunitarios. Esta pulsión nítrese dun feminismo teórico, mais tamén orgánico e práctico, centrado na defensa da vida.

O catálogo está incompleto porque aspira a abrir portas a prácticas que nos ensinan a mirar doutra forma, a compartir, a sosternos, a inverter a orde das cousas. A imaxinación, aquí, é unha ferramenta de ruptura e de fuga.


PODCAST DOCUMENTAL

Las Raras (2019-2025).

Directora de contido: Catalina May



TERRITORIOS DO COIDADADO: EXPERIMENTACIÓN PARA UNHA VIDA HABITABLE



O feminismo leva décadas poñendo o foco no invisible que reproduce a vida. Desde as folgas de coidados impulsadas polas mareas violetas ata as demandas dun salario para o traballo doméstico, a repartición corresponsable cos homes ou un sistema de servizos públicos accesibles. Tamén na intersección entre traballo, familia e migración, que deixa pegada nos corpos das mulleres e precariza as súas vidas.

A pandemia revelou de novo esta estrutura patriarcal e familiarista do sistema. Fronte a isto, organizáronse iniciativas veciñais e redes de apoio mutuo para desdomesticar os coidados. E cada vez máis voces, como a de Yayo Herrero, propoñen

unha revalorización do coidado como ética ecosocial, onde recoñecer a nosa vulnerabilidade e ecodependencia.

Pregúntase Gabriela Merlinsky: como facer visible a trama da vida en cada barrio? Como reorientar a acción política cara a prácticas de reciprocidade? Aprender desde a escoita, expandir o desexo dunha vida máis vivible e democratizar os coidados. As respostas atopámolos en experiencias que fan da vida cotiá un espazo de aprendizaxe e cambio.

FILME


Ellas en la ciudad (2025),
dirixida por Reyes Gallegos

MÁQUINAS EN RELACIÓN E CORPOS EN ALIANZA

Existe a posibilidade de tecer futuros onde a tecnoloxía e a vida humana convivan en equilibrio co planeta? Donna Haraway aposta polo Chtulhuceno, un espazo temporal e interconectado onde as relacións co mundo, os corpos e as máquinas son reparadas e reconstruídas. Nesta visión, a ciencia deixa de ser un instrumento de dominio e, como tamén propoñen María Puig de la Bellacasa ou Rosi Braidotti, convértese nunha tecnociencia situada, relacional e ética. Este pensamento materialízase en proxectos como FemTechNet ou o colectivo Hack the Earth, que exploran modos de creación tecnolóxica guiados pola solidariedade e a sustentabilidade. Máis ca seguir o mito dun progreso lineal e extractivista, estas prácticas invitan a cultivar futuros plurais onde xustiza, afecto e cooperación entre especies propoñan alianzas entre materia, mente e territorio. As utopías feministas, lonxe de soñar desde a distancia, actúan aquí como motor de invención e resistencia compartida.

Colectivo de creadoras dixitais

pantube.tv




DESAFÍOS E CAMIÑOS ABERTOS DAS UTOPIÁS FEMINISTAS

O feminismo foi sempre unha forza organizada para promover unha cultura de paz; por iso as súas utopías funcionan como exercicios políticos que poñen no centro a xustiza social.


Porén, como apunta Chandra Talpade Mohanty, tamén deben cuestionar as xerarquías globais, evitando impoñer modelos universais e recoñecendo as múltiples formas de resistencia e liberdade. Como evitar exclusións, esencialismos ou uniformidade cultural? Neste camiño é preciso abrazar a complexidade e o desacordo, rexeitando as certezaas absolutas e as verdades únicas. Como lembra Nancy Fraser, o feminismo emancipador precisa cuestionar tamén as lóxicas do mercado, abrindo novas formas de xustiza e de participación, redistribuíndo valor e recoñecemento máis alá do marco neoliberal.

Fronte á dicotomía entre utopía e reforma, as propostas feministas son sendas abertas polo diálogo, a diversidade de perspectivas e o encontro, que se materializan en accións concretas e dinámicas. Deste xeito, xorden espazos de experimentación capaces de renovar as formas de convivir e de pensar, tanto no día a día coma na dimensión global.



DOCUMENTAL

Hardly Working (2022), de Total Refusal



UNHA PROMESA QUE SE CONSTRÚE

O tempo da promesa é ese intre onde os pensamentos, os anhelos e expectativas repousan, madurando aos poucos a súa forza e dirección. A utopía, máis ca meta distante, convértese en práctica aberta, sempre disposta á dúbida e á sorpresa. Como un vagalume que prende na noite, a utopía feminista non ilumina por imposición, senón pola súa luz propia e persistente. A súa enerxía nace na potencia de cada vontade, xesto ou decisión que constrúe e habita alternativas coas que antes soñamos.

María Sánchez convida a recoñecer e a compartir eses vagalumes: se descubres unha faísca, un eco, un aroma utópico capaz de inspirar, dálle nome e dálle vida.

Porque ao nomear, non só interpretamos o mundo, tamén o creamos e lle damos dirección. A utopía feminista abre procesos para actuar no presente, en vez de detese nun tempo idealizado. Cada paso, cada pequeno acto é un fío de luz que vai tecendo o camiño cara a esas utopías emancipatorias. Este é o momento de comprometerse para soste a esperanza de formar parte dun mundo mellor.

LIBRO

Borradores del futuro. Historias y fabulaciones sobre mundos posibles. Idoia Zabaleta, Ixiar Rozas e Arantxa Mendiáharat (eds.) (2023)

UNIVERSIDADE
DE VIGO,
ESPAZO LIBRE
DE VIOLENCIAS
MACHISTAS